

DOUS AUTORES GALEGOS PUBLICAN UNHA NOVELA GRÁFICA AMBIENTADA NA EMIGRACIÓN

*Unha prestixiosa editorial alacantina de banda deseñada
distribuirá “Freda” nas librerías de toda España*

Os coruñeses Kike Benlloch e Alberto Vázquez son respectivamente guionista e debuxante da novela gráfica “Freda”, obra que utiliza a linguaxe do cómic para contar unha historia ambientada na emigración galega en Europa. “Freda” sae á rúa estes días para a súa distribución en toda España baixo o selo de Edicions de Ponent.

A novela, unha historia de 64 páxinas, conta a vida dun rapaz que ten que emigrar cos seus pais por causas económicas, e está inspirada na emigración galega en Alemaña. Aínda que relata unha historia de amor, ten como telón de fondo os problemas propios da emigración: a integración, o choque cultural, o problema do idioma, o regreso, o contraste na adaptación de nenos e maiores. No apartado gráfico, a obra conta coa expresividade e contundencia dun trazo preciso e novedoso.

Pese á súa mocidade, ambos creadores teñen xa unha ampla experiencia en relación á Banda Deseñada. Kike Benlloch, que foi guionista do Xabarín Club na TVG, ten traballado para moitos outros medios: prensa electrónica, radio, cine, videoxogos, prensa escrita e cómic. Alberto Vázquez é un dos novos deseñadores galegos máis galardoados, pois suma xa unha decena de premios entre os que se contan galardóns do Instituto da Xuventude, do concello de Madrid e de Imaxe Artística da Xunta.

Edicions de Ponent é unha das máis prestixiosas editoriais de Banda Deseñada do estado español e ven desenvolvendo as súas actividades desde 1995. Firma enmarcada no sector independente, dispón xa dun catálogo de tres ducias de títulos e conta con numerosos premios. A distribución de “Freda” en Galicia lévaa a cabo Kalandraka e distribúese co servizo de novidades da firma pontevedresa desde finais do mes de novembro.

“Freda” presentarase en decembro en Madrid con motivo da inauguración da exposición do Injuve.